




17 de xaneiro de 2008

Curso 2007/08 nº 15

Correo:boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Programa de inmersión lingüística verán 2008

Contido:

<i>Avaliación ESO</i>	2
<i>Resolución dos premios nos valores democráticos</i>	2
<i>Resolución dos premios Plan Valora</i>	2
<i>Proxecto "Guardianes del clima"</i>	2
<i>Web temáticas</i>	3
<i>Publicacións</i>	3
<i>Lexislación educativa</i>	3

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca 2.800 prazas para realizar actividades de inmersión lingüística no verán do 2008. Poderá solicitar estas axudas o alumnado de centros sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma pertencente aos cursos indicados na táboa. Máis información en www.edu.xunta.es/axudasle
Acceso ao DOG.

Curso	Nº prazas	Tipo de aloxamento	Distribución	Lugares de realización	e duración
1º e 2º Bacharelato	500 1º Bach: 250 2º Bach: 250	familias ou residencias	400 inglés 100 francés	Canadá Tres semanas	1º Bach.: 200 inglés - 50 francés 2º Bach.: 200 inglés - 50 francés
2º, 3º e 4º da ESO	2000	en familias en residencias	1700 inglés 300 francés	Reino Unido (1.400) Irlanda (300) Francia (300) Tres semanas	4º ESO 100 Francia 100 Irlanda 600 Reino Unido
			700 inglés 100 francés		3º ESO 100 Francia 100 Irlanda 500 Reino Unido
	600 inglés 100 francés	2º ESO 100 Francia 100 Irlanda 300 Reino Unido			
	400 inglés 100 francés				
1º da ESO	200	en campamentos ou residencias	200 inglés	Distintos puntos da xeografía española Dúas semanas	
6º de Educación Primaria	100	en campamentos ou residencias	100 inglés	Comunidade autónoma Dúas semanas	

Resolta a convocatoria de premios a recursos educativos para a sociedade da información

Resolta a convocatoria conxunta de premios a recursos educativos para a sociedade da información. No DOG nº 243 do martes 18 de decembro sae publi-

cada a Orde do 10 de decembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de premios a recursos educativos para a sociedade da información para o profe-

sorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o ano 2007.

Resolta a convocatoria de Premios á innovación educativa

Resolta a convocatoria de Premios á innovación educativa para o profesorado de centros sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería. No DOG nº 244 do mércores

19 sae publicada a Orde do 11 de decembro do 2007 pola que se resolve a concesión dos premios á innovación educativa para profesorado de centros sostidos con fondos públicos

dependentes desta consellería, convocados pola Orde do 18 de abril de 2007 (DOG do 8 de maio).

Últimas novedades no portal de contidos educativos.

Acceso

Ourense



Claustro de San Francisco



Ponte romana



Fonte das Burgas



Ponte romana
Fotos dispoñibles no portal educativo

No DOG nº 4 do luns 7 de xaneiro sae publicada a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación

Avaliación na ESO

na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

[Acceso á orde.](#)

Resolución dos Premios á innovación educativa nos valores democráticos

No DOG nº 3 do venres 4 de xaneiro sae publicada a Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de Premios á innovación

educativa sobre a educación nos valores democráticos 2007.

[Acceso á orde.](#)

Resolución dos Premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora

No DOG nº 4 do luns 7 de xaneiro sae publicada a Resolución do 28 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación

Educativa, pola que se conceden os Premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora 2007-2009,

convocados ao abeiro da Orde conxunta do 18 de outubro de 2007.

[Acceso á orde.](#)

Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento

A Consellería de Educación e Ordenación universitaria presenta á comunidade educativa en xeral un novo número da colección *Orientacións e respostas educativas* que trata de difundir, neste caso, as características

máis salientables do alumnado afectado por un trastorno xeneralizado do desenvolvemento.

[Acceso á publicación.](#)

As tecnoloxías da información e da comunicación na educación

Nas Comunidades Autónomas (agás Cataluña e o País Vasco) foi realizado o estudo AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN NA EDUCACIÓN nas distintas etapas educativas. O Informe achega

unha visión completa e detallada acerca da incidencia de variables nos cinco niveis de análise estudados (contexto familiar, recursos do centro, procesos do centro, procesos da aula e impacto no alumnado), que pode ser unha refe-

rencia de interese na análise e mellora da implantación e os usos das TIC nos centros educativos de primaria e secundaria.

[Acceso ao informe](#)


Proxecto “Guardianes del clima”

O proxecto denominado “Guardianes del clima”, levado a cabo pola Unión de Asociacións Familiares (UNAF) e subvencionado polo Ministerio de Medio Ambiente dentro do marco da Terceira Campaña de Concienciación e

Motivación sobre o Cambio Climático, está dirixido a nenos e nenas, adolescentes e familias. No web www.guardianesdelclima.com pódese facer uso dun conxunto de ferramentas e material educativo, entre os que desta-

ca un orixinal xogo en liña. É unha proposta lúdico-educativa que ensina como cambiar e mellorar os nosos hábitos para frear o cambio climático.

Webs temáticos



Publicacións

- LOE
- O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?
- Plan de Convivencia
- Saudiña
- Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento
- Alumnado con discapacidade motora
- Alumnado con problemas de conduta
- Alumnado con discapacidade intelectual
- Alumnado con sobredotación intelectual
- Atención á diversidade. Medidas organizativas
- Estructura organizativa dos servizos de orientación
-

Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)